



A 'polémica' instalación de Jorge Perianes no tellado da nave de Sirvent na Gran Vía de Vigo

SONIA DAPONTE

## O 'oficio' da arte contemporánea

Os Sirvent posúen en Vigo un espazo de deseño industrial dende hai xa 71 anos

### REPORTAXE

VÍCTOR SARRIEGO  
GALICIA

cultura@xornaldeg Galicia.com



Os cinco irmáns Sirvent representan a segunda xeración dunha familia que se dedica en Vigo, desde 1940, á venda de mobiliario contemporáneo exclusivo. Un oficio co que cultivan "todas aquelas cualidades humanas que nos permiten relacionar mobles de deseño coa sensibilidade artística", explica Luís Sirvent. Unha tradición que comezou coas máquinas de escribir, despois o deseño industrial e agora o mobiliario artístico, marcada polo "esfuerzo laboral e económico" para acadar "o mantemento dunha traxectoria", pois como matiza, "queremos resultados a longo prazo e manernos no tempo".

Na dinamización do seu labor, sempre discreto, "non facemos vendas agresivas nin traficamos con ar-

te", sentencia Luís. Acaban de realizar a súa primeira festa de arte no novo local que ocupan desde hai seis anos, un encontro de preto de 300 persoas entre escritores, artistas, coleccionistas, arquitectos industriais e deseñadores que se celebrou, engade, "como evento en apoio da cultura e a arte e coincidindo coa feira internacional Espacio Atlántico de Vigo".

Un foro onde os invitados puideron gozar da *performance* de Ignacio Pérez Jofre, que debuxou "todo o que tiña ao alcance da súa vista" en directo sobre os cristais do escaparate, dunha exposición das mellores obras da colección do establecemento, dun cóctel para convidados de Espacio Atlántico na discoteca creada no seu local, e da creación espectacular e polémica do artista ourensán Jorge Perianes, que o sábado pola tarde e en liña coas criaturas fragmentadas que presentou na última edición da Bienal de Pontevedra

O mobiliario artístico é o protagonista do centro

dra colgou un manequín da fachada do edificio de Sirvent.

O acto motivou a presenza dos bombeiros e a policía, algo que lamentan os encargados da firma, porque isto "non estaba previsto e réstalle importancia ao que de verdade estaba a ocorrer", un itinerario, a visita a Sirvent, incluída nos actos de Espacio Atlántico que conseguiu reunir a personalidades do mundo da arte de todo o mundo que puideron gozar das xoias contemporáneas que atesoura o local.

Entre elas atópanse "mobles que non existen en toda a península ibérica", sinala Luís, con exemplares numerados, limitados, orientados ao mítomano e de interese moi exclusivo e determinado que mesmo se relacionan con algunhas pezas da colección particular dos Sirvent, que estarán á venda nuns días, asinadas entre outros por Nuria Fuster, Bernardí Roig, Manuel Caeiro ou Baltazar Torres. ■

## Luz Casal e Ana Belén actuarán no Festival das Rías Baixas de Pontevedra

### REDACCIÓN

GALICIA  
cultura@xornaldeg Galicia.com

O actor Sancho Gracia e o produtor Celestino Aranda presentaron este luns na Casa de Galicia en Madrid o I Festival Internacional Rías Baixas de Música, Danza e Teatro que terá lugar en Pontevedra entre os días 1 e 23 de xullo e que contará coa presenza de artistas tan recoñecidos como Luis Tosar, Verónica Forqué, Ana Belén ou Luz Casal, entre outros.

Ademais de Luis Tosar, Verónica Forqué, Ana Belén ou Luz Casal, o cartel do festival conta con Carmen Acosta, que se encargará abrir o festival, Ross Craigmile, L'orchestre d'hommes orchestres, Do-Wan im, Ballet Nacional de Uruguai, Miguel Narros, Sondeseu, Teresa Berganza, Carolyn Carlson, Jacky Berger, Ballet Nacional de España, a, a, La Human Steps, Sancho Gracia, Rosa Torres-Pardo e Manolo Matji. Tamén haberá mesas de debate sobre a cultura e o periodismo e a arte na sociedade.

Luís Tosar tamén estará nun evento que terá lugar entre o 1 e o 23 de xullo

Sancho Gracia, que codirixe o evento xunto con Celestino Aranda e o director de escena Miguel Narros, recoñeceu que non podía imaxinarse que chegaría a dirixir un festival de teatro en Galicia, mentres que o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Juan Carlos Fernández Fasero, apuntou que no festival se darán cita "as propostas máis suxestivas da escena actual, levando a Galicia a oferta que triunfou en todo o mundo". ■

## XORNAL.COM

### MÁIS ACTUALIDADE NA NOSA WEB

#### A CORUÑA

### A Deputación e Paideia convocan 'Outra+Outra'

A Deputación da Coruña e a Fundación Paideia, a través do estudio de gravación Mans, convocaron o programa *Outra+Outra 2011*, que ten como obxectivo a promoción e difusión de formacións musicais da provincia. **EP**

#### CINEAM

### Michael Shannon será o novo malo de 'Superman'

Á fin desvelouse un dos segredos mellor gardados de *Superman*: o malo. O vilán da nova entrega do superheroe de DC Comics será o Xeneral Zod, un vello coñecido ao que dará vida o actor estadounidense Michael Shannon. **EP**

#### BAILE

### Najarro, novo director do Ballet Nacional de España

Obailarín e coreógrafo Antonio Najarro foi nomeado novo director do Ballet Nacional de España en substitución de José Antonio Ruiz, segundo informou a ministra de Cultura, González-Sinde, nun encontro cos medios de comunicación. **EP**

#### 'EXPLODE'

### The Gift presentarán en Vigo o seu novo traballo

Os portugueses The Gift, grupo líder en vendas no seu Portugal natal, presentarán no Vigo Transforma –que terá lugar do 30 de xuño ao 2 de xullo– o seu novo traballo, *Explode*. Antes estarán no Heineken Music de Madrid, o 7 de maio. **EP**

#### VALENCIA

### Savater inaugura un congreso sobre 007

O escritor Fernando Savater reflexionou sobre a figura do espía 007 en *El hombre tranquilo*, rellatorio encargado de inaugurar o congreso internacional *James Bond ante el espejo*, que está a ter lugar en Valencia. **EP**